

Bibliografía fundamental para o estudio da onomástica de Galicia

Nas liñas que seguen tentaremos trazar unha panorámica sobre os estudos máis importantes realizados tomando como base a onomástica de Galicia. Para un repertorio máis exhaustivo, pódense consulta-los capítulos correspondentes das bibliografías lingüísticas, fundamentalmente a comentada *Guía bibliográfica de lingüística galega* (Vigo: Xerais, 1996, 181-203), ata o ano 1995.

A investigación onomástica en Galicia foi iniciada por Fr. Martín Sarmiento no séc. XVIII, co *Onomástico Etimológico de la lengua gallega* (Ms. asinado en 1757. Tui: Tipografía Regional, 1923, reeditada por J. L. Pensado en 1999, con índices e comentarios léxicos, Coruña: Fundación Barrié, 2 vols.); este traballo mostra as vías por onde debía circula-la investigación filolóxica no eido onomástico, pero, como moitas das súas obras, a penas tivo repercusión no seu tempo (vid. Piel 1969/1971: 104).

Como se sabe, por mor da situación sociolingüística de Galicia, debemos facer un salto temporal de case dous séculos para volver a encontrar estudos lingüísticos sobre a lingua galega. En Portugal sería Leite de Vasconcellos quen, contra finais do XIX, estudaría os nomes cunha perspectiva global, plasmada na súa *Antroponimia Portuguesa* (Lisboa, 1928), que tamén considera materiais de orixe galega. Nestes momentos, hai varios artigos de síntese sobre a onomástica galega, tanto no referido á antroponimia como á toponimia: o artigo de Kremer (*LRL* VI.2 1994, 34-46), e a conferencia inaugural de Antón Santamarina para o recentemente celebrado *XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas* (Santiago, 1999), que se publicará en breve e onde se leron diversas comunicacións relativas a Galicia; restrinxido ós nomes de persoa, pódese consulta-lo artigo de A. Boullón e Fernando R. Tato Plaza "Personal names in Galicia as a sign of cultural identification: historical scope and current situation" (*Onoma* 34 (1999), 15-44).

No que respecta ós dicionarios de nomes de persoas, contamos co *Diccionario dos nomes galegos* (dirixido por X. Ferro Ruibal (1992): Vigo: Ir Indo), de intención divulgativa, que recolle información lingüística, histórica, paremiolóxica, etnográfica, artística, etc., con equivalencia ós principais idiomas modernos europeos. Como non existe aínda un repertorio de apelidos galegos, débese emprega-lo *Dicionário onomástico etimológico da língua portuguesa* de J. P. Machado (3 vols., Lisboa: Confluência, 1984), a pesar das súas deficiencias, por se-la obra máis completa, que abrangue tanto topónimos como antropónimos.

A falta de obras de conxunto, debemos recorrer ós traballos parciais existentes que estudian aspectos particulares. Para a Idade Media citaremos dous traballos: un estudio sobre a *Antroponimia altomedieval galega (s. VIII-XII)* (A. I. Boullón Agrelo, Tübingen: Niemeyer, 1999) baseado en datos documentais confrontados cos orixinais, onde se estudia a evolución do sistema de denominación, a composición etimolóxica do corpus onomástico e inclúe un dicionario de máis de 2.000 formas. O outro é a *Onomástica persoal do Noroeste Hispánico* de Elixio Rivas (Lugo: Alvarellos, 1991), de gran utilidade pola cantidade de información que achega, pero que esixe unha consulta prudente por mor de certas eivas metodolóxicas (como o de partir de fontes non revisadas, con moitos erros de lectura, ou ter unha ordenación un tanto confusa que dificulta a súa consulta). A especificidade morfolóxica dos apelidos, isto é, o establecemento do sufixo *-ez* con función patronímica, foi estudiaada por Piel ("Sobre os apelidos portugueses do tipo patronímico em -ici > -es (Rodrigues)", *Boletim de Filologia* (1962/63): 21, 3/4, 167-175) e Boullón ("Cronoloxía e variación das fórmulas patronímicas na Galicia altomedieval", *Verba* 22 (1995), 455-481).

Os sobrenomes, isto é, o léxico común que aparece nas cadeas onomásticas, é material indispensable para o estudio diacrónico do léxico; os traballos que hai ata o momento posúen unha perspectiva románica: unha serie de artigos de Kremer ("Bemerkungen zu den mittelalterlichen hispanischen cognomina", I, *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte* 10 (1970) 123-183, 11 (1971) 139-187, 12 (1972/73) 101-188, 13 (1975/75), 157-221, 14

(1976/77) 191-298, 16 (1980) 117-205, 17 (1981/82) 47-156), onde se ofrece unha perspectiva temática dos alcumes peninsulares, con indicacións etimolóxicas, semánticas, gráficas, e a súa presenza no patrimonio onomástico actual; e o *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane (PatRom)* (coordinado por Dieter Kremer, Tübingen: Niemeyer, 1997) onde se parte do étimo latino para chegar ós seus descendentes onomásticos nas linguas románicas, entre as que se inclúe o galego.

No que respecta ós alcumes, cómpre indicar en primeiro lugar un estudio que parte dos alcumes literarios utilizados por Celso Emilio Ferreiro (Fernando R. Tato Plaza: "Notas de onomástica a propósito dos alcumes en *A taberna do galo*", en *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, vol. I. Santiago: Universidade, 1992, 361-374), no que se realiza unha caracterización dos procedementos morfolóxicos e sintácticos máis usuais na creación dos alcumes galegos. Existen algúns repertorios parciais, que en ocasións indican a motivación dos alcumes, como os de Ramón y Fernández Oxea: "Mil y pico de apodos orensanos", *RDTP* 27 (1971), 3/4, 345-369 ou os máis recentes de X. Torres Regueiro / X. Cuns Lousa: *Alcumes recollidos en Betanzos* (Betanzos: Concello, 1989), A. da Vila Nova: "Sobrenomes e alcuñas de Beluso (Bueu)", *Museo de Pontevedra* 36 (1982), 435-442.

No que atinxe ós elementos constitutivos, os estudos existentes valen, en xeral, tanto para a toponimia como para a antroponimia. O principal estudioso é, sen dúbida, Joseph M. Piel, de quen hai que salientar, como traballos conxuntos, o estudio dos nomes de poseores de orixe latina (*Biblos* 23 (1948), 143-202, 283-407), que se debe completar con artigos posteriores, publicados a maior parte deles en *Verba* (2 (1975), 45-58, 9 (1982), 125-152, 11 (1984), 5-24), e o de haxiotoponimia (*Biblos* 25 (1949), 287-353; 26 (1950), 281-314). O mesmo investigador é, xunto con Dieter Kremer, autor do fundamental *Hispano-gotische Namenbuch* (Heidelberg: Carl Winter, 1976), que se ocupa de nomes persoais e topónimos de orixe xermánica.

A onomástica de orixe prerromana é o material fundamental para o coñecemento da realidade lingüística anterior á chegada do latín; o estudio máis específico é o de M. Lourdes Albertos Firmat *La onomástica personal primitiva de Hispania Tarraconense y Bética* (Salamanca, 1966), e "La onomástica personal indígena del noroeste peninsular (astures y galaicos)" (en J. de Hoz (ed.): *Actas del III Coloquio sobre lenguas y culturas paleohispánicas (Lisboa, 1980)*. Salamanca: Universidad, 1985, 255-311), amais do de Palomar Lapesa, *La onomástica personal prelatina en la antigua Lusitania. Estudio lingüístico* (Salamanca, 1957). Como traballos parciais, é importante o estudio do sufixo toponímico *-bre*, que demostra a celticidade do noso territorio, e do que se expón o estado da cuestión en Juan Carlos Búa Carballo/ Servando Lois Silva (1994/95): «Los topónimos gallegos en *-bre* de origen prerromano», *Beiträge zur Namenforschung* 29/30, 13-41.

En canto á antroponimia galega de orixe árabe, o único traballo que coñecemos dedicado especificamente a ela é un artigo de R. Hitchcock: "Arabic proper names in the Becerro de Celanova" (en D. Hook / B. Taylor (eds.): *Cultures in contact in medieval Spain: Historical and literary essays presented to L. P. Harvey*. London: King's College, 1990). De maneira complementaria, debe terse en conta o estudio de Pedro Cunha Serra, *Contribuição topo-antroponímica para o estudo do povoamento do noroeste peninsular* (Lisboa: Centro de Estudos Filolóxicos, 1961).

Os repertorios toponímicos máis completos ata o momento son os Nomenclátors referidos ás catro provincias galegas (publicados polo Instituto Nacional de Estadística, Madrid, 1990), onde se van incorporando as necesarias modificacións realizadas pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia; esta Comisión comezou a publica-la relación definitiva da toponimia galega sen deturpacións e revisada desde unha perspectiva científica: as provincias de Ourense (*Nomenclátor de Galicia. Ourense*. Xunta de Galicia. Consellería da Presidencia, 1996; inclúe un disquete informático) e Pontevedra (*Nomenclátor de Galicia. Pontevedra*. Xunta de Galicia. Consellería da Presidencia, 1998; inclúe un CD-Rom).

A maior parte dos estudos toponímicos son de tipo descritivo a partir de determinadas zonas. As máis destacables polo seu rigor científico son varias teses de doutoramento lidas na

Universidade de Santiago: a *Toponimia de Marín* de Elixio Rivas (Anexo 18 de *Verba*, Santiago, 1982), a *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)* de Antón Palacio (1981), e a *Contribución ó estudio da toponimia da Galicia meridional (fitotoponimia)* de Gonzalo Navaza (1998). É fundamental a recompilación de estudos filolóxicos sobre diferentes aspectos da toponimia galega de A. Moralejo Lasso (*Toponimia gallega y leonesa*, Santiago, 1974). De carácter máis divulgativo son outras achegas recentes, como as de F. Cabeza Quiles: *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. (Vigo: Xerais, 1992), L. Blanco Rodríguez: *Estudio de toponimia menor en la parroquia de Santa María de Samieira (Poyo - Pontevedra)* (Pontevedra: Diputación Provincial, 1995) e G. Sacau Rodríguez: *Os nomes da terra de Vigo. Estudio etimolóxico* (Vigo: Instituto de Estudios Vigueiros, 1996).

Desde o punto de vista sociolingüístico, é ineludible para a toponimia o traballo de Antón Santamarina “Efectos do contacto lingüístico na toponimia galega” (*Homenaxe a Joseph Piel*, Tübingen: Niemeyer, 1988, 87-96). No que respecta ós nomes persoais, pódense ve-los artigos de X. M. Lema (“Interferencias lingüísticas do galego no castelán de Galicia nos séculos escuros. Algunhas calas nunha comarca rural: A terra de Soneira” *Cadernos de Lingua* 3 (1991): 111-133, e “Os nomes galegos dunha parroquia rural galega: Berdoias (1607-1760)” *Cadernos de Lingua* 8 (1993): 117-134.), que describen a situación nos séculos escuros, e A. Boullón (“Procesos de castelanización nos apelidos galegos”, en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas. IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994*, vol. 1, Oxford Centre for Galician Studies – The Queen’s College, Oxford, 1997, 195-219), cunha perspectiva máis lingüística.